

DATA LÍMITE ENTREGA: 7 DE XUÑO (ATA AS 12.00 HORAS)

NOME, APELIDOS E CURSO:

.....

A LIBERDADE E OS DETERMINISMOS.-



Tomando estas imaxes como axuda, reflexiona, analiza e desenvolve O TEU PUNTO DE VISTA (**baseándote na teoría dun xeito rigoroso cando sexa preciso**), sobre os seguintes apartados: Somos absolutamente libres (indeterminismo)? Estamos totalmente “obrigados” a ser quen e como somos, polo tanto, non somos libres (determinismo)? É todo un azar (ou sempre haberá nalgún momento cousas ao chou), é dicir, a vida é como unha “ruleta”, unha “tirada de dados”? Ou está todo “controlado”, é dicir, somos “marionetas”, “máquinas físico-químicas”? Vivimos nunha “farsa virtual” de aparente liberdade? Que me dis da liberdade de expresión? Témola? Por completo? Deberíamos poñerlle límites? Cales? “A educación dá liberdade, a ignorancia quíttaa”. Estás de acordo? É mellor non ser libre, non enterarse das cousas, ser “parv@ e (supostamenete) feliz”? Ou temos a obriga de arriscarnos (“a liberdade é un risco”) a ser libres? Pase o que pase? Que che parece o lema de Castelao para a bandeira galega: “Denantes mortos que escravos”? E todo o que creas convinte comentar. **Ánimo! (Puntuación: de 0 a 5 puntos)**